



# PLAN DIXITAL

IES Plurilingüe  
Xosé Neira Vilas

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Nome: IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas.

Dirección: Rúa Xosé Neira Vilas n.º 3.(Perillo), Oleiros.

CD: 15172

Telefono: 881 88 08 58

FAX: 881 88 08 66

Correo electrónico: [ies.neira.vilas@edu.xunta.gal](mailto:ies.neira.vilas@edu.xunta.gal)

Páxina web: <http://iesneiravilas.es>

Etapas educativas: ESO e Bacharelato (Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais).

Alumnado: 352 ( 260 na ESO e 92 en Bacharelato).

Profesorado:40 e 2 auxiliares de conversa.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A área de influencia no mapa escolar do concello correspóndese coa do seu centro adscrito - o CEIP Ramón María del Valle Inclán - e abrangue lugares noutras parroquias limítrofes como Liáns ou Oleiros. No seu “viveiro” principal, Perillo, están empadroados a, 1 de xaneiro de 2022, 8.880 habitantes sendo ademais a zona de maior densidade de poboación do municipio. Os datos respecto á orixe dos habitantes de Oleiros recollen un 12,27 % de estranxeiros. Maiormente procedentes de Venezuela (21,5%), de Brasil (9,2%), de Arxentina (7,7%) e de Colombia e o Reino Unido (5,4%). Proporción que se reflicta tamén nunha porcentaxe similar de alumnado estranxeiro no centro. O número de habitantes no concello segue medrando, pero non é probable unha repercusión desa tendencia na poboación escolar nos anos vindeiros. A pesar de vivir nun dos concellos de maior renda “per cápita” de Galicia, ese nivel de renda non chega por igual a todas as familias. Esta desigualdade tamén chega ao alumnado do Neira Vilas que é diverso no que á súa extracción socioeconómica respecta.

O noso centro educativo -IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas- ten longa traxectoria na implantación de traballo por proxectos e na realización audiovisual, sendo ademais centro EDIXGAL e único centro Bachibac en Galicia. Recentemente aprobamos a solicitude para participar no proxecto de Polos Creativos “ Divulga”. O Plan Dixital pasará tamén a ser un elemento destacado da Programación Xeral Anual no vindeiro curso.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital do noso centro evidentemente ten como referencias normativas a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio. En concreto, os seu artigo 111 bis referido ás Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o seu artigo 122 cando refírese a que o Proxecto Educativo do Centro recollerá a estratexia dixital do centro, e ao artigo 132 cando fala, dentro das competencias do director ou directora, as de promover iniciativas innovadoras para o centro.

Teremos que ter en conta tamén a Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, que establece a obriga de realizar un Plan Dixital e a Resolución do 3 de setembro de 2021, que dita instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes.

### 1.4. Proceso de elaboración

A organización e o proceso de elaboración do Plan Dixital estivo sempre en mans do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, contando coa colaboración e asesoramento do resto do profesorado do centro educativo. **Coa formación do equipo adix.**

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro dispón de conexión a internet por cable, cun ancho de banda de 200MB e unha rede de área local (RAL/LAN). O instituto tamén ten un servizo de rede WIFI á disposición do persoal do centro e do alumnado con dispositivos do centro. O espazo wifi está dispoñible nos espazos adicados á docencia. As aulas con conexión son 23 e un total de 20 espazos adicados a outras funcións tamén con conexión (departamentos, despachos de administración...).

O centro dispón tamén de servizos de Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) e o noso alumnado ten permitido o uso de móbil para fins educativos. Neste curso 2021-22 hai 262 alumnos e alumnas da ESO e 16 profesores e profesoras con portátiles Eva-EDIXGAL

Dispoñemos de 19 aulas con portátil, encerado (Smart Boards ou Multi Class Board) e proxector Epson. Destas aulas 12 son EDIXGAL. Aulas específicas de informática, 2. Dispoñen de 32 ordenadores para o alumnado (15 e 17). A Biblioteca dispón de 10 ordenadores para o uso do alumnado.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

En primeiro lugar, utilizamos o resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Direct.	2,8	2,8
	Profesorado	3	3
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,9	2,9
	Profesorado	2,6	2,6
	Alumnado	2,8	2,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8	3,8
	Profesorado	3,5	3,5
	Alumnado	3,7	3,7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3	3,3
	Profesorado	3,2	3,2
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,7	3,7
	Profesorado	4,1	4,1
	Alumnado	3,9	3,9
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,1	3,1
	Profesorado	3,2	3,2
	Alumnado	3,3	3,3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,6	2,6
	Profesorado	2,7	2,7
	Alumnado	3	3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,5	3,5
	Profesorado	3,3	3,3
	Alumnado	3,4	3,4

**Test CDD: foi un dos elementos usados para elaborar a análise DAFO. Os resultados máis significativos foron os seguintes:**

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>15</u>	<u>24</u>	<u>62,5%</u>
<b>PROVISIONAL</b>	<u>1</u>	<u>4</u>	<u>25%</u>
<b>INTERINO</b>	<u>1</u>	<u>3</u>	<u>33,3%</u>
<b>SUBSTITUTO</b>	<u>3</u>	<u>7</u>	<u>42,9%</u>
<b>DESPRAZADO</b>	<u>5</u>	<u>8</u>	<u>62,5%</u>

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>81,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>ESO</b>	<u>80,6</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>79,7</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
<b>BAC</b>	<u>83,9</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>78,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	<u>0</u>	<u>0%</u>
<b>A2</b>	<u>7</u>	<u>28%</u>
<b>B1</b>	<u>11</u>	<u>44%</u>
<b>B2</b>	<u>6</u>	<u>24%</u>
<b>C1</b>	<u>1</u>	<u>4%</u>
<b>C2</b>	<u>0</u>	<u>0%</u>
<b>TOTAL</b>	<u>25</u>	<u>100,00%</u>

## 2.3. Análise DAFO

Coas fontes explicadas anteriormente e coas suxestións feitas por profesorado, tivemos como resultado a seguinte análise:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	<p>1. O centro dispón de 18 aulas con canóns e encerados dixitais e dúas aulas de informática con 17 e 15 postos. A sala de profesorado ten 6 ordenadores para uso do equipo docente.</p> <p>2. O noso centro está no Plan Edixgal polo que todo o alumnado da ESO dispón de portátil para o seu uso ( 255 alumnos e alumnas), incluso fóra do instituto.</p> <p>3. Cada profesor e profesora de Edixgal conta cun portátil aportado polo programa.</p> <p>4. Aula virtual activa nun número importante de materias (Bacharelato e ESO)</p>	<p>1. Rede Wifi non coa suficiente potencia en todos os espazos do instituto.</p>

<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<p>1. Disposición aceptable ao progresivo cambio e á incorporación da dixitalización no proceso de aprendizaxe.</p> <p>2. Máis da metade do profesorado xa ten experiencia e traballo con ferramentas dixitais.</p>	<p>1. Necesidade de unificación de criterios para un mellor aproveitamento das ferramentas e equipamentos por parte do alumnado.</p> <p>2. Necesidade de aumento da plantilla definitiva e redución de carga lectiva para ter unha maior eficiencia e coordinación no uso das ferramentas e na elaboración de material propio.</p> <p>3. Faltan espazos cooperativos e postas en común dos traballos desenvolvidos de xeito individual (retroalimentación)</p>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	<p>1. Receptividade ante novas formas de organización o de planificación do traballo usando ferramentas dixitais (conserxería, administración)</p>	<p>1. A carga laboral é xa alta como para ter unha implicación maior en formación.</p>
<b>ALUMNADO</b>	<p>1. A participación en rede e colaborativa do alumnado incrementáase dun xeito inversamente proporcional á idade: a menor idade, maior implicación colaborativa en redes.</p> <p>2. A implantación do ensino EDIXGAL no ámbito da ESO incrementa a maior receptividade do alumnado cara ás TIC's.</p> <p>3. A apertura das xeracións máis novas de cara ao uso da tecnoloxía informacional é ben claro.</p>	<p>1. Riscos de dispersión polo organización dos tempos lectivos e a organización nun número excesivo de materias.</p> <p>2. Riscos na atención do alumnado pola dispoñibilidade continua no acceso ás redes, como síntoma de "perda de atención".</p>
<b>FAMILIAS</b>	<p>1. A comunicación dixital coas familias incrementáase co paso do tempo.</p> <p>2. A participación dixital das familias medra en contextos de clase media-media.</p>	<p>1. As dificultades de acceso das familias con baixo rendemento económico e capital educativo escaso derivan nunha perda de oportunidades de comunicación co centro educativo.</p> <p>2. Hai que prestar atención a garantir a comunicación coas familias de máis feble capacidade económica e coñecemento dixital.</p>
<b>OFERTA</b>	<p>1. A oferta educativa inclúe a realización de enquisas de cara a seleccionar a optatividade e interese do alumnado.</p> <p>2. A oferta educativa proporciona equipos informáticos a todo o alumnado de ESO para o seu uso cotián.</p>	<p>1. A participación do alumnado require unha utilización continua dos ordenadores para o acceso aos contidos dixitais, cunha concienciación clara por parte das familias.</p>
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<p>1. O centro educativo posúe unha clara orientación cara ao ensino dixital, en</p>	<p>1. A participación do profesorado nos proxectos dixitais interdisciplinares é</p>

	<p>función dos recursos dispoñibles.</p> <p>2. O centro educativo promove a utilización das tecnoloxías dixitais en ámbitos diferenciados e complementarios.</p> <p>3. O centro educativo favorece a creación de proxectos interdisciplinares con formato dixital.</p>	<p>mellorable.</p> <p>2. A creación de recursos online do propio centro educativo é mellorable.</p>
--	--	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1. O apoio e asesoramento de expertos</p> <p>2. A posibilidade de desenvolver cursos de formación</p>	<p>1. O exceso de burocracia</p> <p>2. Os cambios legislativos</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1. Lexislación específica sobre o tema da dixitalización o que permite unha maior repercusión das propostas.</p>	<p>1. Rixidez na organización dos tempos de docencia.</p> <p>2. Elevado número de materias por curso con carga horaria reducida.</p>
	CONTORNA	<p>1. Alumnado diverso pero con motivacións para o estudo e traballo</p>	<p>1. Número elevado de nova matrícula ao longo do curso, fundamentalmente de países suramericanos , con deficiencias na formación dixital.</p>
	ANPA	<p>1. A directiva da ANPA está involucrada e disposta a axudar ante calquera demanda do centro.</p> <p>2. A ANPA organiza actividades no centro en período non lectivo onde algún curso ofertaron uso de redes e informática</p>	<p>1. Pouca participación das familias.</p> <p>2. <b>Necesidade de coordinar as reformas educativas coas dinámicas familiares, xa que a mediación familiar é imprescindible para garantir non só o éxito das innovacións educativas senón tamén as transformacións sociais que se perseguen.</b></p>
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1. Colaboración por parte do Concello de Oleiros. Receptivos a calquera iniciativa orientada á mellora da calidade da docencia e a formación.</p>	<p>1. Pouca experiencia e tradición na colaboración con entidades fóra do eido público.</p>



### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

**Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo**

Área/s de mellora: Competencia dixital do alumnado. Infraestrutura e equipos. Desenvolvemento profesional continuo							
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Manexo das tecnoloxías emerxentes en diferentes áreas ou materias					<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo de redacción e dinamización do Plan Dixital do centro					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de departamentos implicados e porcentaxe de alumnado participante						
<b>Valor de partida:</b>	0						
<b>Valor previsto e data:</b>	3 departamentos e 25% do alumnado				Final do curso 2022-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
<b>A01.1: creación de simulacións virtuais: como construción de biomoléculas ou redes tridimensionais inorgánicas</b>	Departamento de Bioloxía	Xuño de 2023	Ordenadores, videoproxector.			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	
<b>A01.2: Impresións 3D de obxectos</b>	Departamento de Tecnoloxía	Xuño de 2023	Impresora 3D, ordenadores.			<b>Realizada</b>	
						<b>Aprazada</b>	
						<b>Pendente</b>	

## Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Competencia dixital do alumnado. Desenvolvemento profesional continuo							
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Manexo de ferramentas en liña de audio e vídeo					<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo de redacción e dinamización do Plan Dixital do centro					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de departamentos implicados e porcentaxe de alumnado participante						
<b>Valor de partida:</b>	0						
<b>Valor previsto e data:</b>	5 departamentos e 50% do alumnado				Final do curso 2022-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
<b>AO2.1: Creación de Historias contadas en audio</b>	Departamento de Xeografía e Historia	Maio de 2023	Ordenadores, ferramentas en liña. Mesa de son		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO2.2: Realización dunha proposta didáctica dos departamentos utilizando estas ferramentas</b>	Departamento de Física e Química	Maio de 2023	Ordenadores, ferramentas en liña. Cámaras de fotos e vídeo		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo. Colaboración e redes						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Uso correcto das ferramentas de comunicación e información do centro coas familias e alumnado				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo e o profesorado				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de profesorado e número de familias do alumnado participantes					
<b>Valor de partida:</b>	0					
<b>Valor previsto e data:</b>	75% do profesorado e 20% das familias			Marzo de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1: Manexo do correo electrónico, consultas na páxina web e aplicacións usadas para a comunicación no centro</b>	Equipo do Plan Dixital do Centro	Marzo de 2023	Ordenadores		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendent e</b>	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo. Colaboración e redes						
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Mellora do manexo da plataforma Edixgal				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo de redacción e dinamización do Plan Dixital do centro				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de profesorado e número de materias incorporadas a Edixgal					
<b>Valor de partida:</b>	5					
<b>Valor previsto e data:</b>	75% do profesorado			Decembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO4.1: Formación ao profesorado sobre a plataforma Edixgal</b>	Equipo do Plan Dixital do centro	Decembro de 2022	Ordenadores. Formación do CFR		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Accións co alumnado que fomenten a súa competencia dixital</b>	Equipo do Plan Dixital do centro	Decembro de 2022	Ordenadores		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo. Competencia dixital do alumnado						
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Mellora da avaliación mediante contornas dixitais				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Equipo de redacción e dinamización do Plan Dixital do centro				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de profesorado e alumnado implicado					
<b>Valor de partida:</b>	0					
<b>Valor previsto e data:</b>	<b>75% do profesorado 50% alumnado</b>			Final de curso 2022-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A05.1: Uso de ferramentas dixitais para a avaliación: rúbricas, escalas e ponderacións</b>	Equipo do Plan Dixital do centro	Maio de 2023	Ordenadores. Ferramentas en liña		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendent e</b>	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto a infraestruturas, a proposta é a ampliación dunha das aulas de informática para poder dar servizo a 30 ordenadores. O motivo é atender aos grupos de bacharelato que non dispoñen de portátiles dentro do programa Edixgal. En caso de non optar pola instalación de ordenadores, sería o equipamento da aula con 30 portátiles.

No referido ao equipamento, a proposta é de:

- 2 impresoras 3D con dous portátiles
- Un par de altofalantes e mesa de son
- 1 cámara fotográfica e de vídeo de alta definición.
- Renovación da outra aula de informática (18 ordenadores)

A razón desta proposta está en obter as ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos obxectivos 1 e 2 fixados no Plan de Acción por non dispor o centro deses recursos ou estar obsoletos.

## 4. Avaliación do plan

O desenvolvemento e cumprimento do Plan Dixital será avaliado ao longo de todo o curso nas reunións do Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Estas reunións terán lugar, como mínimo, unha vez ao trimestre, ao remate das respectivas avaliaciós.

A final de curso, á vista dos resultados, dificultades e contratempos experimentados, realizaremos unha avaliación global, a través da que tomaremos as decisións de modificación correspondentes en función das accións levadas -ou non- a cabo e da valoración que fagamos dos resultados. Realizarase para este fin un enquisa a elaborar polo Equipo de Dinamización.

Será tamén necesario avaliar como se desenvolveu a relación co alumnado e familias en función dos obxectivos previstos.

## 5. Difusión do plan

O Plan Dixital será publicado na páxina web do instituto e será enviado ao profesorado e aos membros do Consello Escolar para a súa difusión.